O meu álbum

Chámome .....

Cheguei ao mundo o día ..... en .....

O reloxo marcaba as ....., pesei ..... e medín .....

Ou nas mans
ou nos pés
has de imitarte
a quen es

Este é o dedo maimiño,
este é o seu sobriño,
este é o pai de todos,
este é o furabolos,
e este é o matapiollos.

Mancha con pintura a man e o pé do bebé e márcaas nesta páxina

Dedo: cada unha das cinco prolongacións en que remata a man.

Deda: dedo do pé.

Polgar: o primeiro e máis groso dos dedos da man; matapiollos; cachapiollos.

Índice: o segundo dedo da man, entre o polgar e o maior; furabolos; mostreiro.

Maior: o terceiro dedo da man, entre o índice e o anular; dedo longo; dedo do medio; pai de todos.

Anular: o cuarto dedo da man, entre o maimiño e o maior; medianiño; mediano.

Maimiño: o quinto dedo da man; pequeniño; belleco; mamiño; moumiño.

APEGO é un programa colectivo creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial. É un proxecto dos servizos de normalización lingüística dos concellos de Ames, A Baña, Carballo, Carnota, Ferrol, Narón, Negreira, Ourense, Pontevedra, Redondela, Rois, Santiago de Compostela e Vigo e mais da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua.

Apego vai dirixido a vós, ás familias que vos estades a preparar para a chegada dun novo membro. Queremos propoñervos o uso da lingua galega para crear vínculos coa familia, para asentar o arraigo a esta terra, porque a lingua que mamamos, na que aprendemos a falar, vai ser a base da identidade futura do voso fillo ou da vosa filla. A lingua de cada pobo é un tesouro irrepetible e tamén é a cerna que lle permite existir e descubrir o mundo.

Este álbum de lembranzas é un dos elementos que conforman a caixa de benvida do Apego, un agasallo para as familias que queredes que a lingua galega forme parte da vosa vida, da súa vida.

Edición: concellos da Baña, Carballo, Carnota, Ferrol, Narón, Negreira, Ourense, Pontevedra, Redondela, Rois, Santiago de Compostela e Vigo

Deseño: Era Comunicación, Ovo Publicidade e Trisquelia Comunicación

Ilustracións: Tania Solla

Impresión: Agencia Gráfica

Depósito legal: PO 200-2015

*Infórmate en **www.apego.gal***

e súmate á comunidade do Apego!

Concello de A BAÑA · concello de CARBALLO · CONCELLO DE CARNOTA · FERROL · NARÓN · Concello de NEGREIRA · Concello de OURENSE · CONCELLO DE PONTEVEDRA · CONCELLO DE REDONDELA · CONCELLO DE ROIS · CONCELLO DE SANTIAGO · CONCELLO DE VIGO